

<b>ACTIVIDADE PORTFOLIO</b> <b>DE ADULTOS</b> <b>Curso 2011/20121</b>	
<b>TÍTULO DA ACTIVIDADE</b>	<b>Chamadas telefónicas a través da Internet</b>
<b>IDIOMAS</b>	<input type="checkbox"/> GALEGO <input type="checkbox"/> FRANCÉS <input checked="" type="checkbox"/> PORTUGUÉS <input type="checkbox"/> CASTELÁN <input type="checkbox"/> ALEMÁN <input type="checkbox"/> INGLÉS <input type="checkbox"/> ITALIANO
<b>DESCRITORES A TRABALLAR</b>	<b>Conversar</b> - Podo participar nunha conversa con certa fluidez e espontaneidade, o que posibilita a comunicación normal con falantes nativos. - Son capaz de conversar con fluidez por teléfono sobre situacións de certa complexidade, como por exemplo solicitar informacións e datos específicos a empresas e institucións.
<b>DESTREZAS QUE SE INCLÚEN</b>	<input checked="" type="checkbox"/> COMPRENDER: <input checked="" type="checkbox"/> comprensión auditiva / <input checked="" type="checkbox"/> comprensión lectora <input checked="" type="checkbox"/> FALAR: <input type="checkbox"/> expresión oral / <input checked="" type="checkbox"/> interacción oral (conversar) <input checked="" type="checkbox"/> ESCRIBIR: <input checked="" type="checkbox"/> expresión escrita
<b>OBXECTIVOS</b>	- Revisar contidos relacionados cunha actividade frecuente como é a realización de chamadas telefónicas, - Realizar unha chamada telefónica a unha empresa/institución dun país de lingua portuguesa para obter/solicitar informacións concretas, - Analisar a chamada efectuada individualmente e en grupo.
<b>NIVEL</b>	B2
<b>SECCIÓN DO PEL</b>	<input checked="" type="checkbox"/> BIOGRAFÍA <input type="checkbox"/> PASAPORTE DE LINGUAS <input type="checkbox"/> DOSSIER
<b>PROCEDEMENTO</b>	1. Revisión de contidos relacionados coas chamadas telefónicas (vocabulário e expresións máis utilizadas no inicio/medio/fin da chamada, formas de tratamento en Portugal e Brasil).

	<p>2. escoita e análise de diversas chamadas telefónicas simuladas e adaptadas que aparecen nos métodos para estranxeiros.</p> <p>3. escoita e análise de diversas chamadas telefónicas que aparecen en telenovelas, películas, publicidade e que pretenden parecer reais para falantes nativos.</p> <p>4. Simulación de chamadas a empresas e institucións que sexan do interese do alumnado. Actividade a realizar por parellas por escrito e oralmente.</p> <p>5. escoita de exemplos de chamadas de outros alumnos anteriores (previa autorización).</p> <p>5. Realización dunha chamada telefónica auténtica coa finalidade de solicitar información específica a unha empresa ou institución dun país de lingua portuguesa:</p> <p>5.1. Preparación da chamada: definir a finalidade da mesma, a empresa ou institución a que se vai chamar, consultar datos dispoñibles na Internet acerca do tema/institución/empresa escollido, consultar datos en medios de soporte físico (xornais, revistas, páxinas amarelas, etc.)</p> <p>5.2. Realización da chamada con gravación da mesma.</p>
<b>AVALIACIÓN:</b> <b>Seguimento</b>	O docente pode avaliar/colaborar en dous momentos: despois da simulación da chamada e despois da realización da chamada.
<b>AVALIACIÓN:</b> <b>Nivel de participación</b>	A participación é elevada ao ser unha actividade máis das aulas. Porén, algunhas persoas poden desexar non realizar a chamada real por nerviosismo, inseguridade, etc. que, se for posible, deben ser superados.
<b>IMPACTO PREVISTO</b>	Moi positivo para a autoestima dos alumnos, para a comprobación de erros/acertos persoais (ao ser despois escoitadas en grupo todas as chamadas) e para a efectiva utilización da lingua para algo fóra das aulas. Tamén se produce un claro aumento do nerviosismo no momento da realización da chamada.